



C O N C E L L O

D E

P O N T E D E U M E

MODELO DE SOLICITUDE DE LICENZA DE ACTIVIDADE

INTERESADO/A					
Nome e apelidos ou Razón Social					
DNI/CIF					
Enderezo a efectos de notificacións: Rúa/Avda./Praza/Lugar		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Concello		Provincia		
Teléfono	Fax	Correo electrónico			
REPRESENTANTE					
Nome e apelidos					
DNI/CIF					
Enderezo a efectos de notificacións: Rúa/Avda./Praza/Lugar		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Concello		Provincia		
Teléfono	Fax	Correo electrónico			
EXPOÑO					
Que de conformidade coa Ordenanza municipal de actividades e o resto da normativa aplicable SOLICITO LICENZA PARA A ACTIVIDADE que pretendo levar a cabo no local de _____ m2 de superficie, consistente en _____, sita en _____ con denominación comercial _____ e grupo e/ou epígrafe fiscal _____.					
AUTORIZA					
Aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á administración destinataria deste escrito á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.					
ACHÉGASE Á PRESENTE SOLICITUDE:					
<input type="checkbox"/> Proxecto técnico por duplicado exemplar, máis ___exemplares para os organismos sectoriais que deben informar/autorizar a actividade, co contido regulado no artigo 16.1.2º da Ordenanza Municipal de Actividades.					
<input type="checkbox"/> Solicitud de Licenza de obras necesaria para a construción, adaptación ou acondicionamento do local, co seu correspondente proxecto técnico por _____exemplar, no seu caso.					

O que asino de xeito responsable.

Pontevedra, _____ de _____ de _____

Asdo. O interesado

Asdo. O representante

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Pontedeume. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

1º. Instancia consote co modelo normalizado, debidamente cuberta.

2º. Proxecto técnico por duplicado asinado por técnico competente e visado polo respectivo colexio oficial, e un exemplar máis por cada organismo sectorial que deba informar e/ou autorizar a actividade, no que necesariamente se incluírán os seguintes documentos:

1.- Memoria, que incluírá:

1.1- Descrición técnica detallada:

Da actividade;

Da maquinaria a instalar;

Da superficie total do local e de cada un dos seus departamentos;

Da situación dos elementos emisores de rúidos ou vibracións (incluírá especificacións técnico- acústicas da fonte emisora, niveis sonoros de emisión máxima, diagrama de actividade e mecanismos de control);

Dos medios e sistemas correctores propostos para a redución de rúidos e vibracións e a xustificación da obtención dos niveis sonoros máximos admisibles;

Do procedemento de depuración e eliminación de gases e olores;

Da evacuación de augas líxadas e residuos sólidos e das instalacións hixiénico- sanitarias.

1.2- Xustificación do cumprimento das Normas Básicas da Edificación sobre condicións térmicas, acústicas e de protección contra incendios.

1.3- Xustificación do cumprimento da normativa urbanística.

2.- Planos:

Do emprazamento da actividade;

De plantas de distribución, sinalando a posición da totalidade da maquinaria instalada, dos medios de extinción de incendios e da posición e características das luces e sinalización de emerxencia;

No seu caso, de plantas de zonificación e sectorización do local ou locais para o cumprimento da Norma Básica sobre protección contra incendios;

De sección, detallando a situación relativa da actividade respecto dos andares superior e inferior e o destino destes, acotando as alturas libres resultantes da implantación das instalacións e medidas correctoras;

De alzado da fachada;

Das instalacións de electricidade, fontanería, saneamento, ventilación e climatización.

3º.- Para o caso de que tamén deba solicitarse licenza de obra, deberase achegar a documentación técnica pertinente, sen prexuízo de que, no seu caso, poida formar parte do proxecto presentado para o outorgamento da licenza de apertura. Deberá presentarse o Proxecto técnico por duplicado asinado por técnico competente e visado polo respectivo colexio oficial, e un exemplar máis por cada organismo sectorial que deba informar e/ou autorizar as obras.